Unfortunately, not every small organization is able to make profitable use of the ingredients which can be found on the spearhead of «Management Science». The most up-to-date managerial science is almost exclusively linked to the larger and more powerful organizations. And this is, without doubt, another limitation for the great giant of Science.

#### VII. Old models and great challenges

In our opinion, it is necessary to get out of the rut of using old models which are out of touch with reality and open the doors of the university cathedrals of management to the fresh air which carries the problems and great challenges of our day: in particular unemployment, membership of the European Community, and the reform of public administration.

Our graduates from the academic world are evidently and inextricably related to the three aforementioned challenges. Are the graduates from our colleges qualified and cut out

vas; mesmo concertadoras, investigadoras, pedagógicas e ideolóxicas. En calquera caso, o obxectivo básico dos modelos é a simulación do comportamento dun sistema tomando como referencia determinados obxectivos e, como xa resaltamos, tendo moi en conta unha frecuente pluralidade de medios limitados. Os modelos serven de soporte tanto para o coñecemento do obxecto (sistema ou fenómeno) por parte do suxeito, como para a acción do suxeito sobre o obxecto. Así pois, nos modelos entran en xogo tres tipos de roles sociais: por unha parte os deseñadores, constructores ou modelizadores; por outra parte, os utilizadores deses modelos; e, finalmente, os axentes ou actores eventuais do obxecto considerado. Como vimos, está claro que non sempre os obxectivos de constructores e utilizadores son concordantes respecto do modelo. Tamén, que un mesmo modelo pode cumprir varias funcións concomitantes ou non (cognitiva e normativa, por exemplo) e que a súa interpretación pode diferir para os distintos axentes implicados. Igualmente, as funcións do modelo poden variar no tempo; mesmo os tres grandes roles enumerados poden ser, en ocasións, cumpridos por unha mesma persoa ou axente que se converte, simultaneamente, en observador e observado, en actor e en realizador.

A canto acabamos de dicir habería que engadir que a «dislocación» non sempre se produce ó nivel dun «modelo» senón á altura dun «sistema de modelos» (5) con capacidade para representar ou simular un determinado sistema real. Os modelos rara vez son completos e perfectos, é dicir, isomorfos (6) con respecto ó sistema que represen-

5. Normalmente sóese evita-la construción de modelos de grandes dimensións. Presentan problemas diversos, pero fundamentalmente de manipulación e de claridade. Para evitar estes problemas sóese operar con modelos interconectados, é dicir, con «sistemas de modelos». É obvio que as interconexións correspondentes estean garantidas polo principio da coherencia. A organización do sistema de modelos soe ser moi variable, pero cabería destacar dúas estruturas de grande interese: a xerárquica e a centralizada. A primeira pode adoptar unha forma espacial (modelo global - modelo rexional - modelo local) ou ben unha forma temporal (modelo a longo prazo - modelo a medio prazo - modelo a curto prazo). A segunda pode conseguir un criterio estrutural, onde o modelo central se ocupa de ofrecer unha perspectiva global dun campo de análise e os modelos periféricos detallan aspectos sectoriais, ou ben un criterio cualitativo onde o modelo central trata de maneira agregada certos problemas que son considerados de maneira máis fragmentada polos modelos periféricos.

6. Dos sistemas dise que son isomorfos se existe unha correspondencia bixectiva entre as características dun e doutro. Esta propiedade nunca se cumpre estrictamente, pois faría indiscernibles ós sistemas comparados: terían que estar situados, mesmo, no mesmo lugar do espazo.

Unha cousa semellante ocorre cando se comparan un sistema e o seu modelo. Serían perfectamente isomorfos cando calquera propiedade dun o fose do outro, pero isto non sucede así, de ahí que a totalidade dos modelos sexan homomorfos: certas propiedades dun non son propiedades para o outro. Isto leva a distinguir tres tipos de propiedades: compatibles, cando as posúen os sistemas e os seus modelos respectivos; reais, se as teñen os sistemas pero carecen delas os seus modelos; e, formais, cando as propiedades son patrimonio dos modelos sen selo dos seus sistemas respectivos. Chegamos así a dous tipos de modelos: o perfecto, carente de propiedades formais (as propiedades do modelo son propiedade do sistema); o completo, desprovisto de propiedades reais (as propiedades do sistema son tamén propiedades do modelo). Obviamente os modelos son xeralmente incompletos e imperfectos. Incompletos, por canto o proceso de modelización favorece certas propiedades e marxina outras; imperfectos, na medida que o proceso modelizador introduce propiedades que son alleas ó sistema.

to insert themselves suitably and profitably into our productive system and our Administration? Is our University able to «produce» what is really needed in order to collaborate effectively towards finding a response to the aforementioned challenges?

The answer to the above questions may suggest the need to revise and reconvert the old models of our cathedrals of scientific knowledge in general and managerial knowledge in particular.

#### VIII. Four-sided talismans

We are aware that our resources are limited for us to attain worldwide scientific economic-organizational production and to employ Science to the full. We are likewise aware that our economic universe is made up of thousands of microfirms, small and medium-sized firms. In such conditions, how should the training of private and public managers best be orientated to help our firms and administration overcome the difficult challenges facing them? It may be advisable to do further research into this problem. Whoever finds the solution will doubtless have discovered a priceless talisman.

We have long used two complementary approaches to deal with the theme in question. We have taken the first one from a famous American organization: the National Association of Schools of Public Affairs and Administration (NASPAA). It is exceptionally useful in training men who are to work in public utilities and in public management. The object is to acquire four basic abilities in each of the subjects studied: knowledge, ability to use knowledge, merit of interest to the public and fitting manners.

The second approach is based on the first. It places great emphasis on endowing the students with four main attributes: method in their thinking, strategic mentality, the ability to interpret political phenomena and a broad knowledge of organizational cultures.

#### IX. The end

The reader will have clearly distinguished two different parts in the preceding pages. In the first part we have confined ourselves to describing an already well-known fact about Science. In the second part we present a normative approach which may be of use in training public and private managers.

tan, de aí a necesidade de amplia-lo seu *campo de cobertura* (7), integrándoos con outros modelos que incorporan atributos e propiedades diferentes do sistema estudado. Neste proceso integrador, na definición do conxunto, onde o fraude pode ter lugar. Xeralmente prodúcese por omisión ou alteración do nivel de agregación dalgún modelo. Téntase que alguén chegue a concebir unha «imaxe» de certa realidade acoutada (fenómeno ou sistema), a través dos dispositivos científico-técnicos elaborados, na forma que convén ós intereses ou propósitos do «manipulador».

Non quixéramos deixar de dicir, finalmente, que a adulteración da Ciencia vén imposta en numerosas ocasións por normas que emanan dos propios poderes públicos. Isto parece sorprendente, pero a realidade obséquianos cunha ampla diversidade de exemplos. En efecto, contamos con bastantes disposicións fiscais que imponen criterios rexistrados ou de avaliación que a todas luces favorecen os intereses recaudatorios da Facenda Pública, pero que conducen a balances, contas e outros estados económico-financeiros, absolutamente divorciados da realidade. Outras veces o «vicio» emana das institucións científicas que «bautizan principios», criterios e procedementos en sincronía coas conveniencias de certas preponderantes organizacións adicadas a actividades profesionais. E, como é fácil de supor, estas últimas entidades corresponden xenerosamente ás rendables orientacións e recomendacións daquelas. Abonda con dirixi-la mirada cara ós institutos de Contabilidade de certo hexemónico país e ás multinacionais de auditoría de contas con sede no mesmo, para comprender ou adverti-la fructífera intercomunicación que sustenta as súas relacións mutuas. Certamente as multinacionais necesitan unha Ciencia que lles permita seguir gañando diñeiro e isto só é viable cando a tal «ciencia» concorda cos intereses dos seus clientes auditados. Como vemos, a Ciencia alódate tanto en ocasións que o seu parecido coa realidade resulta ser unha mera coincidencia.

## VI. Un producto para os poderosos

Con base na nosa exposición anterior parece xustificade formular unha interrogante: ¿Quen son os produtores e consumidores da investigación científica máis avanzada?

A resposta á cuestión precedente, en liñas xerais, non resulta excesivamente arriscada ou complicada. En materia económica, financeira, comercial, social e organizativa, en suma, o terreo do «management» das organizacións públicas e privadas, son xeralmente as grandes entidades os asiduos favoritos dos «últimos berros» alcanzados na carreira científico-tecnolóxica. Pero, tamén estes xigantes maniféstanse como incesantes produtores: un grande continxente de investiga-

7. Un modelo universal que sexa capaz de recoller tódalas propiedades dun sistema real inviable. Por conseguinte, na práctica, sóense utilizar varios modelos para representar un mesmo sistema. Cada un destes modelos enfatiza determinadas propiedades do sistema representado, aspectos distintos do sistema; pero, como é obvio, con certos solapamentos, frecuentes interseccións entre si... Por esta razón dicimos que cada modelo ten unha «zona de cobertura» que pode ser maior ou menor cando se comparan as características, propiedades e atributos representados por cada un.

ción xéstase o seu propio seo. Aí están, por exemplo, os ministerios dos países máis avanzados do mundo, as formidables compañías multinacionais, as grandes corporacións e empresas nacionais e outras organizacións relevantes. Unha proposición sobresaliente ocupa o Ministerio de Defensa dos EE.UU. e as famosas axencias de exploracións do espazo. E, entre os *productores* específicos hai que salientar entidades da categoría da Rand Corporation (California), institutos tan afamados como o Hudson (Indianápolis) (8) ou o Tavistock (Londres) e universidades do prestixio de California (Berkeley, Standford...), Indiana (Bloomington), Princeton (New Jersey), Harward e MIT (Massachusetts), Yale (Connecticut), Carnegie-Mellon (Pennsylvania), Chicago (Illinois), Michigan (Ann Arbor), etc.

Lamentablemente non tódalas pequenas organizacións teñen a posibilidade de utilizar de maneira rendable os ingredientes que se integran na punta de lanza da «Management Science». A razón desta imposibilidade ou dificultade hai xa tempo que non foi revelada polos propios axentes implicados na praxe das relacións económicas, así como polos estudiosos das mesmas. Recordemos a este respecto a clásica obra de E.A.G. Robinson na que nos explica a dimensión óptima da firma como unha sincronía das súas dimensións parciais (financieira, productiva, comercial, organizativa...). Obviamente, argumentos económicos diversos desaconsellan, por exemplo, a implantación dunha sofisticada contabilidade de custos nunha microempresa. Sería tanto como empregar unha grúa para sacar unha moa. En resumo, a Ciencia «managerial» máis vangardista está cáseque prioritariamente vencellada ás organizacións máis grandes e poderosas, é dicir, ás que posúen maior talla ou dimensión. E esta é, que dúbida cabe, outra limitación máis do gran xigante da Ciencia.

## VII. Vellos moldes e grandes desafíos

A realidade que viñemos apuntado non parece ter sido detectada suficientemente polas nosas academias. Impera nelas unha atmósfera de torre de marfil. As excepcións a esta situación de illamento son infrecuentes, raras... Séguese a ensinar dende a alxebra lineal ás ecuacións en diferencias finitas, dende a media aritmética á teoría do mostreo, dende o TIR ó «capital asset pricing model», dende os procesos de Markov á análise espectral pasando pola metodoloxía Box-Jenkins, dende a teoría clásica á decisión borrosa... e mil e un dispositivos máis, xeralmente extraídos da galaxia de anagramas que pululan polas páxinas das revistas en inglés dos últimos tempos.

Na nosa opinión conviría supera-la inercia dos vellos moldes, o seu divorcio coa realidade, e abri-las portas das catedrais universitarias do «management» ó ar fresco que porta os problemas e grandes desafíos do noso tempo: a crise económica, a inseguridade cidadá, as reformas agrarias, o endebedamento externo... e de maneira moi particular o desemprego, a integración na Comunidade Europea e a reforma das administracións públicas. Falaremos destes tres últimos problemas.

8. O Hudson Institute foi creado por Herman Kahn en California. Actualmente a súa sede encóntrase na capital do Estado de Indiana (Indianápolis).

O desemprego é o grande azoute nacional. É o mal que polos seus prexucios de toda orde, trata de combater calquera gobernante con independencia do seu signo político ou da súa área de poder. É a cuestión ante a que con maior sensibilidade reacciona a nosa sociedade e o seu tecido organizacional. Partidos políticos, gobernos, sindicatos obreiros, empresarios, ingrexas, familias, cidadáns...; todos se fan eco, con distintos enfoques, da gravidade do tema, da súa urxencia e da dificultade para unha pronta solución. Este é, claramente, o primeiro dos nosos grandes desafíos nacionais.

Dende o primeiro de xaneiro de 1986, Portugal e España entraron no «Clube dos 12». Abríronse con iso moitas esperanzas e ilusións, pero tamén ameazadoras nubes que non deixan de producir, en moitos sectores, fundados medos e temores. Existe o risco de que, en certo grao, o noso aparato productivo sexa vulnerable ante as estratexias dominadoras de Europa. Aterroriza a moitos unha posible colonización económica. O problema da integración na Comunidade Europea é claramente o segundo dos colosais desafíos que nos afectan. Un desafío que implica, sobre todo, ó noso aparato productivo.

O terceiro dos retos que nos afecta incide, xunto co aparato productivo, no outro universo «consumidor» dos recursos e esforzos nacionais: a Administración.

Sabemos moi ben que ese poderoso macrosistema non é eficiente de abondo, non é suficientemente eficaz, non está suficientemente informado e non é suficientemente informador. A súa reforma é un imperativo inaprazable que convén acometer «sen presa, pero sen pausa». Axilizar e operativiza-la complexa maquinaria do titán administrativo, non é unha tarefa doada, todos o sabemos. Velaí o último dos tres grandes desafíos inicialmente formulados.

Resulta evidente de todo a forte relación que os nosos egresados do mundo académico manteñen cos tres retos anteriores. E iso, por canto inciden directamente nos tres universos de destino final: o gran pozo dos desocupados, a «engranaxe» productiva e a «máquina» administrativa. E é neste punto onde cabe formular dúas importantes cuestións: ¿están os egresados das nosas academias, capacitados e perfilados para se insertar adecuada e convenientemente no noso aparato productivo e na nosa administración?: ¿está en condicións a nosa Academia de «producir» o verdadeiramente útil para colaborar eficazmente na gran tarefa de resposta ós retos de referencia?.

A resposta ás interrogantes anteriores tal vez faga aconsellable unha revisión, unha reconversión dos vellos moldes das nosas catedrais do coñecemento científico en xeral e «managerial» en particular.

## VIII. Talismáns con catro caras

Somos conscientes da limitación de recursos que padecemos para acceder á produción científica económico-organizativa mundial. Tamén das restriccións de tempo de recursos e demais que conleva o aproveitamento da Ciencia. Igualmente da realidade do noso universo económico formado por lexións de microempresas, de pequenas e medianas empresas. Nestas condicións, ¿como se debería orientar a formación de xestores privados e públicos para apoialas nosas empresas e administracións nos seus difíciles retos?. Tal vez será aconsellable

investigar sobre o particular. Quen encontre a solución terá encontrado, sen dúbida, un talismán de incalculable valor.

Sobre o tema que comentamos, xa hai tempo que vimos a facer uso de dous enfoques complementarios. O primeiro tomámolo dunha famosa organización norteamericana: a National Association of Schools of Public Affairs and Administration (NASPAA). Posúe un valor de excepción para a formación de homes destinados ó servizo público, á xestión pública. Para as distintas materias de estudo trátanse de lograr catro competencias fundamentais (9): *coñecementos, habilidades no manexo dos coñecementos, valores de interese público e comportamentos apropiados.*

9. A Matriz da NASPAA presenta a seguinte estrutura:

MATRIZ DE COMPETENCIAS PROFESIONALES DE LA NASPAA

AREAS DE ESTUDIO	CONOCIMIENTOS	HABILIDADES	VALORES DE INT. PUBLIC	COMPORTMTOS
CONTEXTO POLITICO SOCIAL Y ECONOMICO				
INSTRUMENTAL ANALITICO: cuantitativo y no cuantitativo.				
DINAMICAS INDIVIDUAL/GRUPAL Y ORGANIZACIONAL.				
ANALISIS DE POLITICAS PUBLICAS.				
PROCESO DIRECTIVO Y ADMINISTRATIVO.				

O segundo enfoque toma como referencia o primeiro. Insiste de maneira determinante en dota-los estudantes de catro atributos principais: *un método de pensar, unha mentalidade estratéxica, capacidade para interpreta-la fenomenoloxía política e coñecemento profundo das culturas organizativas.*

*Por que un método de pensar?* Moi elocuentes resultan as palabras dun carismático líder estudiantil que nos explicaba, xa hai algún tempo, a causa do baixo rendemento que obtiveramos dos que acababan de chegar ó noso centro universitario: «non, no é que non estudien; é que non pensan». E non lle falta razón ó xove Delegado de Facultade. O noso sistema educativo, dende sempre, parece ter posto demasiada énfase no «almacenamento» do coñecemento, en tanto que moi pouca na «transformación» metódica dese coñecemento. É un sistema que non consegue prioriza-lo método de pensamento científico; tampouco o hábito pola tarefa de reflexión, polo pensamento sistemático, ordea-

do, metódico. Xera, iso si, auténtica obsesión pola «acumulación», psicose polo «aprobado». En tales circunstancias parece plenamente acertado buscar unha solución. E nós propomos facelo na liña dun paradigma esencialmente holístico que, por outra banda, se adecúa con gran perfección ós atributos de complexidade, de organización, de globalidade, que caracterizan os problemas sociais do noso tempo. Estámonos a referir, naturalmente, ó paradigma dos sistemas, por canto aporta un cambio, unha reorientación, no pensamento científico susceptible de ofrecer unha resposta a tales problemas e necesidades. Porque a dialéctica estrutura-función do paradigma cartesiano, a dialéctica estrutura-evolución do paradigma da mecánica racional, ou a dialéctica estrutura-función-evolución do paradigma estruturalista, non satisfán, non responden, ás esixencias apuntadas. O sistemismo, ó incorporar sobre o estruturalismo unha hipótese teleolóxica e unha hipótese de apertura cara ó entorno, ofrece un poderoso dispositivo para poder afrontar con gran forza e rigor os grandes retos que suscitan nas nosas organizacións sociais. Por esta razón, dunha maneira decidida e insistente articulámolo como ingrediente dese segundo talismán cargado de ilusión, de esperanza e de beneficiosas posibilidades.

¿Por que unha mentalidade estratéxica? Hai escasos meses, un notable profesor de Estadística relatábame que grande fora a súa sorpresa cando comprobou que, a gran maioría dos libros que compoñían a biblioteca dunha entidade científica europea que acababa de visitar, referíanse a cuestións de «estratexia». E, dicía sorpresa, por canto supostamente a referida entidade estaba formalmente polarizada cara a un enfoque cuantitativo dos fenómenos económicos e sociais. Certamente, os tempos que corren, de axitación, de imprevisibilidade, de volatilidade, de ebulición, de turbulencia, de sorpresa, de crise... esixen máis ca nunca da estratexia. A busca de «fochas», de imperfeccións do mercado sobre as cales actuar en aras de atinxir unha situación de privilexio respecto dos competidores locais, rexionais, nacionais e internacionais, converteuse —utilizando unha expresión daliniana— no «sustrato amoniacal» da moderna Dirección Estratéxica. E é que os grandes desafíos do noso tempo deberán de ser afrontados, se se pretenden resultados victoriosos, con audaces e ben formuladas implantacións e controladas estratexias. Pero, a pesar da enorme cantidade de páxinas que se escribiron e imprimiron sobre o tema, convén ter moi presente que a invención estratéxica é materia indisociable do xeño creador do individuo. O éxito dos bos e grandes estratexas, non reside nas técnicas do «management», nin no control de xestión, nin na sacrosanta capacidade e velocidade do «computer», nin tan sequera nas abundantísimas receitas do mesmísimo marketing. Aniña, sobre todo, nas cualidades intuitivas, maxinativas, dinamizantes e de bo xuício das persoas; todo iso, obviamente, asociado a unha boa información. Por canto acabamos de dicir, a construción dunha potente mentalidade estratéxica convértese nunha operación difícil, delicada, que esixe un adestramento complexo, prolongado e intenso. Fóra das oportunidades que ofrece a actividade dentro do universo real, no mundo académico do «training» só se pode adquirir acudindo á simulación mediante os xogos de empresa, os xogos organizacionais, con apoio indiscutible no ordenador. Esta é a vía que nós propomos posto que parece se-la que mellores resultados ven ofrecendo nesta difícil tarefa.

*¿Por que unha capacidade para a interpretación da fenomenoloxía política?* Hai quen analiza, estudia, proxecta, planifica, decide e actúa, facendo absoluta abstracción da política. Pero non podemos esquecer que a economía, a orde económica, o sistema económico, está sometido, condicionado e fortemente influenciado pola orde política, o sistema político. As «sorpresas» de moitos prodúcense, a miúdo, pola marginación voluntaria que fan da «cousa» política, ou pola súa incapacidade para penetrar e entende-los procesos —case sempre complexos— de «poder» que acontecen tanto no entorno externo coma no entorno interno das súas organizacións. Cremos que é mester traspasa-la fronteira do cosmos no que interaccionan forzas políticas operantes. É fundamental, para transitar polo mundo económico, coñece-la realidade borrosa do apaixoante xogo político, coas súas coalicións, a súa maraña de intrigas, os seus pequenos detalles, o seu tráfico de influencias, os seus conflitos mesquiños, a súa esterilidade burocrática e tamén os seus grandes logros, os seus grandes xestos e as súas grandes ilusións. Hai que aprender a capta-la dinámica do tecido político, das súas organizacións, das súas institucións, dos seus líderes ou esencia conformadora da ideoloxía ou materia de base. E isto de maneira moi especial polo feito de nos encontrar nun país que apenas superada a súa etapa transicional está alterando día a día a arquitectura da gran pirámide política. Cun detalle bastante polo miúdo, significativo, esta cuestión incluída nos cadros da primeira fila da matriz da NASPAA. E dicimos significativo por canto o tema se analiza na óptica das catro caras do noso primeiro talismán.

*¿Por que un coñecemento profundo das culturas organizativas?* Non cabe a menor dúbida de que se algo caracteriza ó noso tempo, ese algo é o *cambio*. España ofrece unha mostra de excepción neste terreo, por canto a dinámica dos tres últimos lustros foi claramente espectacular. Un novo sistema político, un novo modelo de organización do Estado, unha nova orde sindical e económica, un proceso de integración supranacional, grandes reformas lexislativas, sociais, educativas... imprimiron e imprimen sensibles transformacións nos valores de todo tipo, revolucionando os sistemas culturais. Nesta situación, as novas e as vellas organizacións públicas e privadas de todo tipo, axentes activos e/ou pasivos destes transcendentais procesos, xeran no seu seo unhas novas culturas ou imprimen transformacións máis ou menos relevantes nas que conformaban a imaxe real do seu próximo pasado. O ritmo deste fenómeno varía dunhas a outras a teor de infinidade de factores. O que si importa resaltar é que estas culturas exerceron, e de seguro exercerán, unha clara incidencia na eficiencia e na eficacia futura de tales organizacións.

Dende o noso punto de vista a cultura non pode quedar marxina-da do proceso formativo dos futuros responsables organizacionais, particularmente cando é xa sobradamente coñecido que en certos casos estas culturas poden favorecer, entorpecer ou anula-la boa execución das estratexias e políticas organizacionais.

A literatura dos últimos anos proliferou sobre o tema da cultura; sen embargo, debemos sinalar que a cuestión preocupou dende xa hai máis de vintecinco anos. Recentemente dúas obras desempeñaron un papel determinante: unha, sobre o «management xaponés» (Pasqule-Athos-Ouchi), que basea o éxito da economía xaponesa na cultura; outra en torno á «busca da excelencia» (Peters-Waterman), que sitúa

igualmente na cultura os triunfos dalgunhas corporacións norteamericanas. Ó mesmo tempo, as investigacións máis recentes abondaron sobre os efectos que a cultura exerce sobre o cambio, sobre a estratexia e sobre os resultados organizacionais. En todo este tema, a novidade non se encontra tal vez nos conceptos, senón na maneira dos utilizar. Os grandes consulting dos países occidentais máis prominentes traballan sobre a cultura das organizacións para trataren de localizala, finalmente de gobernala. Estamos na época da cultura, unha época na que as nosas organizacións públicas e privadas é mester configuralas como culturas que se constrúen e desenvolven no tempo. E quizais, dende esta perspectiva, podamos conducilas cara a algunha parte.

Aínda non contamos con suficiente caudal de experiencias na utilización destes enfoques (talismáns) combinados; pero, temos confianza en que os resultados permitirán mellora-lo produto ofrecido polos vellos moldes. En calquera caso, o tempo dirá a última palabra.

## **IX. O fin**

Nas páxinas precedentes o lector adverterá claramente dúas partes nidiamente diferenciadas. Na primeira, limitámonos a describir unha realidade en torno á Ciencia que é xa moi coñecida por moitos. E convén resaltar a este respecto que conscientemente tivemos que marxinar numerosas cuestións, algunhas irrelevantes para nós e outras importantes xa moi debatidas (xuícios de valor). Na segunda parte presentamos unha vía ou enfoque normativo que pode ter utilidade na formación de xestores públicos e privados. A súa experimentación, en parte, xa se realizou; pero, hai outro ingrediente (segundo talismán) que convén someter a estudio. Fóra del non cremos ter aportado ó dito nada novo, porque coñecen á perfección toda a problemática que xira en torno á utilización da Ciencia, concretamente da Ciencia da Administración, da xestión organizacional. Nós unicamente o recordamos como paso previo para a proposta dunha liña de ensino que pode ofrecer algunhas vantaxes.

Finalmente, só quixeramos facer resalta-la nosa renuncia a calquera mérito que neste traballo se puidese entrever, así como a paternidade de todas cantas ideas de interese poidan terse utilizado. Nos anos de profesión e de estudio atopámonos con elas multiplicidade de veces, enfocadas dende posicións diversas. Por outra parte, é frecuente o fenómeno do redescubremento: numerosos membros da nosa comunidade científica xera a miúdo novidades que logo se comproba que xa foran descubertas ou creadas. Por agora isto é todo. Agardo as súas críticas e puntos de vista. Son esenciais no noso traballo.

**CONTIDO DOS CADROS DA MATRIZ DA NASPAA  
CONTEXTO POLÍTICO, SOCIAL E ECONÓMICO:**

**1.—COÑECEMENTOS DE:**

- Patróns culturais e hábitos sociais.
- Valores e Procesos políticos.
- Institucións estatais, poderes e relacións.
- Sistemas económicos, incentivos e controles.
- Factores ambientais e recursos disponibles.

**2.—HABILIDADES EN:**

- Análise e interpretación de forzas e tendencias políticas económicas e sociais.
- Aplicación de coñecementos políticos, sociais e económicos á solución de problemas públicos.
- Valoración do impacto político, social e económico e as súas consecuencias sobre as políticas e accións administrativas.

**3.—VALORES DE INTERESE PÚBLICO, REPRESENTADOS POR COÑECEMENTOS DE E COMPROMISOS CARA A:**

- Tradicións e prácticas democráticas, constitucionalismo e «Imperio da Lei».
- Os propósitos e restricións de goberno como un instrumento para a promoción social e o progreso económico.
- Acceso dos individuos e os grupos ós centros de poder e toma de decisións.
- A dirección e responsabilidade política da administración e dos administrados.
- Normas éticas e de conducta persoal e oficial.

**4.—COMPORTAMENTOS REPRESENTADOS POR:**

- Tolerancia de diversos puntos de vista correspondente a outras persoas e grupos.
- Capacidade para se adaptar ás situacións complexas do entorno político e social.
- Habilidade para actuar como un axente do cambio social e organizacional.
- Participación en programas de acción pública (proxectos de desenvolvemento comunitario, cidadán asesor de grupos...)

**INSTRUMENTAL ANALÍTICO: CUANTITATIVO E NON CUANTITATIVO**

**1.—COÑECEMENTOS DE:**

- Metodoloxías cuantitativas de decisión (contabilidade, programación lineal, técnicas de modelización, estadística...).
- Sistemas de información e informática.
- Análises e procedementos de sistemas (exame de organizacións, medida de traballo...).
- Metodoloxía da ciencia do comportamento (análise sociométrico, análise do valor, avaliación do liderato...).
- Procesos e controles legais.

**2.—HABILIDADES EN:**

- Diagnóstico e análise lóxico.
- Deseño e aplicación da investigación.
- Utilización e aplicacións dos ordenadores.
- Aplicación de metodoloxías cuantitativas e non cuantitativas a situacións organizacionais.
- Presentación de comunicacións orais e escritas.

**3.—VALORES DE INTERESE PÚBLICO, REPRESENTADOS POR COÑECEMENTOS DE E COMPROMISOS CARA A:**

- Obxectividade e racionalidade na conducción dos negocios públicos.
- Utilización da ciencia e a investigación para a consecución de propósitos públicos.
- Busca e investigación imparcial de necesidades e problemas públicos.
- Franqueza na comunicación e interpretación dos datos de apertura ó público.

**4.—COMPORTAMENTOS REPRESENTADOS POR:**

- Dificultades no acopio de datos e a resolución de exercicios e problemas.
- Familiaridade con documentos públicos, recursos legais e modelos de comunicacións administrativas.
- Preparación de correspondencia, informes e documentos.
- Participación en asociacións profesionais, relacións e outras formas de aprendizaxe experimental.

**DINÁMICAS INDIVIDUAL DE GRUPOS ORGANIZACIONAL**

**1.—COÑECEMENTOS DE:**

- Comportamento individual e de grupo (motivación individual, dinámica de gru-

pos, modos de liderato...).

—Estructura, proceso e dinámica organizacional (modelos, autoridade, desenvolvemento, estratexias, toma de decisións...).

—Teoría e proceso de comunicación.

—Profesionalidade e servizo público (evolución dos servizos públicos, roles e normas das profesións, características das burocracias...).

#### 2.—*HABILIDADES EN:*

—Motivación e liderato persoal.

—Relacións interpersoais e intergrupais.

—Identificación e análise do poder político e organizacional.

—Aplicación de modelos apropiados de organización, liderato e toma de decisións.

—Copia de organizacións puxantes, das súas limitacións e cambios.

#### 3.—*VALORES DE INTERESE PÚBLICO, REPRESENTADOS POR COÑECE- MENTOS DE E COMPROMISOS CARA A:*

—Protección e desenvolvemento de dereitos, liberdades e benestar individual.

—Promoción da equidade e eficacia organizacional.

—Reconciliación de intereses privados con obxectivos e necesidades públicas.

—Interese para os clientes servidos pola organización.

#### 4.—*COMPORTEMENTOS, REPRESENTADOS POR:*

—Consistencia, sinceridade e integridade nas relacións humanas e organizacionais.

—Actitudes positivas que atinxen ó desenvolvemento individual e á mellora organizacional.

—Desexo de compartirlas intuicións e experiencias con outros.

—Recoñecemento e comprensión das variacións nos enfoques e motivacións humanas e organizacionais.

—Participación en asociacións profesionais, relacións e outras formas de aprendizaxe experimental.

### *ANÁLISE DE POLÍTICAS PÚBLICAS*

#### 1.—*COÑECEMENTOS DE:*

—Aplicación de instrumentos analíticos e administrativos á resolución de problemas públicos.

—Procesos de formulación, implantación e valoración de políticas.

—Estratexias para a selección e optimización de alternativas.

—Atributos distintos de políticas relativas a áreas funcionais específicas (educación, sanidade, transportes...).

#### 2.—*HABILIDADES EN:*

—Análise socioeconómica (análise custo-beneficio, análise de impacto social...).

—Diagnóstico político (valoración de opinión pública, estudo de grupos de poder, relacións lexislativo-executivo...).

—Comprensión e interpretación de problemas (identificación de estratexias, habilidade nas relacións...).

—Medida, escalonamento e deseño de políticas.

—Medida do impacto dos programas (valoración de programas, resultados da medida da eficacia...).

#### 3.—*VALORES DE INTERESE PÚBLICO, REPRESENTADOS POR COÑECE- MENTOS DE E COMPROMISOS CARA A:*

—O uso e análise de datos na esfera das eleccións públicas.

—Políticas e programas que desenvolven o benestar e a igualdade de oportunidades.

—Medidas para aumenta-la comprensión das políticas públicas e o seu impacto por parte dos cidadáns.

—Normas de formulación e condución de programas.

—Procedementos para valorar con plena equidade o custo e os beneficios de programas que afecta a públicos diversos.

—Medidas para aumenta-la participación de clientes e do público na formulación e avaliación de políticas públicas.

#### 4.—*COMPORTEMENTOS, REPRESENTADOS POR:*

—Habilidade para relacionar e integrar diversos factores con obxectivos comúns.

—Métodos de adaptación a presións e restricións políticas e organizacionais.

—Habilidade para os pactos, compromisos e arbitaxes.

—Participación en asociacións profesionais, relacións e outras formas e aprendizaxe experimental.

### **PROCESO DIRECTIVO E ADMINISTRATIVO**

#### **1.—COÑECEMENTOS DE:**

- Planificación administrativa e deseño organizacional.
- Procesos de dirección de sistemas incluíndo o liderato, a toma de decisións, a dirección e o cambio e desenvolvemento organizacional.
- Administración de persoal, incluíndo cadros de persoal, formación e negociación colectiva.
- Finanzas e presuposto.
- Avaliación e control de programas.

#### **2.—HABILIDADES EN:**

- Conceptualización, fixación de obxectivos, deseños organizativos e desenvolvemento de programas.
- Asignación e supervisión de traballos.
- Negociación e persuasión.

#### **3.—VALORES DE INTERESE PÚBLICO**

- Papel e uso de organizacións e procesos administrativos para lograr obxectivos públicos.

- Normas de eficiencia e eficacia na conducción de negocios públicos.
- Control público por cidadáns e políticos.

#### **4.—COMPORTAMENTOS, REPRESENTADOS POR:**

- Apertura a novas ideas e propostas.
- Facilidade aplic. instrumt. e procesos direcc. a situacións e problem. organizac.
- Participac. en asociacións profesionais.

### **BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTACIÓN CONSULTADA**

¡¡Llamadas!! ¡¡Llamadas!! ¡¡Llamadas!! ¡¡Llamadas!! ¡¡Llamadas!! ¡¡Llamadas!!